

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Corrección de erros.—Orde do 20 de marzo de 1992 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma dos reais decretos 1.668/1991 e 1.932/1991, sobre financiamento de actuacións protexibles en materia de vivenda e solo e axudas complementarias.

Advertidos erros na orde arriba citada, publicada no DOG nº 65, do 3 de abril de 1992, cómpre face-las seguintes correccións:

—No segundo parágrafo, liña terceira, da exposición de motivos da páxina 2.981, onde di: «existencia», debe dicir: «inexistencia».

—No terceiro parágrafo, liña terceira, da exposición de motivos da páxina 2.981, onde di: «Cuatrimestral», debe dicir: «Cuatrienal».

—No apartado b), parágrafo terceiro, do artigo 1º da páxina 2.981, onde di: «Rehabilitación de viviendas e edificios e de equipamento comunitario primario», debe dicir: «Rehabilitación de viviendas, de edificios e de equipamento comunitario primario».

Consellería de Industria e Comercio

Resolución do 23 de abril de 1992, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se citan (Expedientes números 52.295, 52.369 e 52.390).

Vistos os expedientes incoados pola empresa Unión Eléctrica - Fenosa, S.A., r/ Severo Ochoa, 2, polígono de Bens, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que seguen:

Expediente 52.295. Concello de Noia.—Liña subterránea de media tensión a 15/25 kV baixo tubo e conductor R.H.V. 150 Al de 160 m de lonxitude, con orixe na liña Baixamar - Instituto (expediente 51.210) e final en r/ Calzada de Noia. Centro de transformación en baixo do edificio en r/ Calzada de 400 kVA.

Expediente 52.369. Concello de Tordoia.—Liña aérea de media tensión a 20 kV en apoio de formigón e conductor I.A-30, de 118 m de lonxitude, con orixe na liña Cabaleiros - Casaldabade (expediente 51.039) e final de Bedobre. Rede de baixa tensión en apoio de formigón e conductor R.Z., de 665 m de lonxitude no lugar de Bedobre.

Expediente 52.390. Concello de Noia.—Liña subterránea de media tensión a 10/20 kV baixo tubo e conductor R.H.V. 150 Al de 160 m de lonxitude, con orixe na liña derivada ó C.T. discoteca (expediente 5.159) e final no edificio Verxel. Centro de transformación no dito edificio, de 400 kVA.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaránse en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 23 de abril de 1992.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial

Resolución do 27 de abril de 1992, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se citan (Expediente número 17.359).

Vistos os expedientes incoados pola empresa UDESA, co enderezo na Avda. de Lugo, 125, 2º C, Santiago de Compostela, para autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que seguen:

Expediente 17.359. Concello de Cerceda.—Tramo de liña subterránea de media tensión a 15/20 kV, de 230 m en conductor de aluminio 3 (1 × 95) mm², con orixe no apoio nº 4 da liña de alimentación á estación transformadora do colexio de EXB da Silva, concello de Cerceda, e con termo na citada E.T. (expediente 17.359).

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaránse en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 27 de abril de 1992.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial